



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE XXVI Premio Investigación Concello de Pontedeume.

EXPEDIENTE Nº 2023/G003/000514

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o Decreto 443/2023, do 17 de agosto de aprobación das Bases que rexen o XXVI Premio de Investigación Concello de Pontedeume (2023).

Tendo en conta que nas ditas bases se establecía como data de remate para a presentación dos traballos o 22 de agosto de 2023.

Tendo en conta que a dita convocatoria e bases deben ser obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS) e que, á vista da data de aprobación das mesmas e da data de remate para a presentación dos traballos, faría inviable a publicación das mesmas con carácter previo á data establecida nas mesmas para o remate da presentación dos traballos.

Vista a proposta presentada pola Concelleira de Cultura Dona Alejandra Bellón Tenreiro, firmada o 05/09/2023, sobre a modificación das bases reguladoras que rexerán o XXVI Premio de Investigación Concello de Pontedeume, no que se modifica a data de presentación dos traballos e a resolución de este premio, motivada pola falta de tempo para a publicación das mesmas na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das Bases que rexerán o "XXVI Premio de Investigación Concello de Pontedeume", no que atinxe ás datas de presentación dos traballos e ao prazo do fallo do xurado, segundo a redacción que de seguido se transcribe no seu literal:

"BASES DO XXVI PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME"

- 1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria.
- 2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de 1.200 € *.
- 3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.
- 4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan optido ningún premio anteriormente. Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.
- 5.- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume, (Rúa Real, 13 - 15600 Pontedeume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor, acompañado doutro sobre pequeno no que conste o auténtico nome e apelidos do autor así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.



RUA REAL, 13 - 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F - Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 - FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 6.- O prazo de presentación remata o **12 de setembro** de 2023.
- 7.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicárase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.
- 8.- A resolución final do xurado darase a coñecer o **día 10 de novembro** de 2023.
- 9.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.
- 10.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes.
- 11.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local Cátedra. Revista eumesa de estudos.
- 12.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases. * Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70)

INFORMACIÓN: Telfs.: 981433054 ou no correo@pontedeume.gal

TERCEIRO.- Publicar a presente modificación das Bases da convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – N^o REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal